

O CB Nigrán pecha a tempada con actividades en todo o municipio

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 23 Xuño 2015 12:41



O CB Nigrán participou nos festivais de fin de curso dos colexios Carlos Casares e Cruz Camos, centros nos que o club conta con escolas deportivas. O venres pola mañá fíxoo no colexio de Vilariño onde os máis pequenos fixeron un exhibición e desfilaron os dous equipos baby e benxamín destas escolas, para finalizar coa entrega dun pequeno agasallo do club a cada un dos nenos, así como á Ampa e a dirección do centro.

Pola tarde tocou a quenda a Camos onde se levou a cabo un divertido partido entre pais e nais e os nenos e nenas da escola de baloncesto, que conseguiron encher a pista de público. Para finalizar tamén desfilaron os dous equipos baby e benxamín aos que tamien entregóuselles o trofeo do club.

Desde a directiva do CB Nigrán queren agradecer o apoio por parte das Ampas e direccións de ambos centros, que desde o primeiro momento apostaron por esta actividade.

O CB Nigrán pechou este día cheo de grandes emocións con dous partidos no Pavillón de Panxón. Un, entre os dous equipos infantil e cadete feminino e o outro entre o junior masculino e un combinado de xogadores seniors do club entre os que se atopa o alcalde de Nigrán, Juan Gonzalez que asistiu a esta xornada festiva acompañado polo Concelleiro de deportes Luís Sanromán. A xornada finalizou cunha pequena merenda entre todos os membros do club e invitados.

Finalmente o pasado domingo os pais e nais, adestradores e xogadores do Club gozase dunha xornada de convivencia en Monteferro.